

**ACTA DA SESION ORDINARIA DO ILTMO. CONCELLO PLENO
CORRESPONDENTE O DIA 30 DE OUTUBRO DO 2002.-**

Na Casa Consistorial do Iltmo. Concello de Ribadavia, o día trinta de outubro do dous mil dous; ás sete da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para procederen á celebración da sesión ordinaria do Concello Pleno oportunamente convocada: Alcalde-Presidente, Don José Pérez Iglesias.- Concelleiros: Don Francisco Alonso Fernández, Don Francisco Xabier Carreira Sebío, Don Julio Dabarca Cuiñas, Don Miguel Fidalgo Areda, Dona Manuela Iglesias Collarte, Don Marcos Blanco Jorge, Don Xosé Prieto Pérez, Dona María Martínez Abal, Don Secundino Rodríguez Gómez, Don Celso Sotelo Barroso e Don Antonio Domínguez Lorenzo. Non asiste Dona María José Escudero Estévez.-

Está presente o Secretario-Interventor accidental do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó desenvolvemento dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DAS ACTAS DAS
ULTIMAS SESIONS CELEBRADAS, QUE FORON AS DO 26 DE SETEMBRO
E 14 DE OUTUBRO PASADO (Ordinaria e Extraordinarias
respectivamente).-**

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para solicitar que se corrixa un erro mecanográfico existente no segundo rogo que fixo na sesión ordinaria do Pleno de data 26 de setembro pasado, quedando o mesmo do seguinte xeito: ... "Finaliza a súa intervención facendo unha carta ó diario La Voz de Galicia realizada por Don Rubén Garcia, Ribadaviense de pro".

De seguido a Corporación Municipal, por unanimidade, presta aprobación ó borrador das Actas das últimas sesións celebradas, que foron as do 26 de Setembro e 14 de Outubro pasado (Ordinaria e Extraordinarias respectivamente).

**2.- DAR CONTA DE DECRETOS E RESOLUCIONS DA ALCALDIA,
SEGUNDO O EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.-**

O Pleno dáse por enterado das seguintes:

Do 2 de xullo, sobre aboamentos.

Do 23 de xullo, sobre aboamentos.

Do 10 de agosto, sobre aboamentos.

Do 26 de agosto, sobre aboamentos.

Do 27 de agosto, sobre aboamentos.

Do 3 de setembro, sobre aboamentos.

Do 6 de setembro, sobre aboamentos.

Do 12 de setembro, sobre aboamentos.

Do 13 de setembro, sobre aboamentos.

Do 14 de setembro, sobre aboamentos.

Do 17 de setembro, sobre aboamentos.

Do 18 de setembro, sobre aboamentos.

Do 19 de setembro, sobre aboamentos.

Do 20 de setembro, dous sobre aboamentos.

Do 22 de setembro, dous sobre aboamentos.

Do 24 de setembro, sobre aboamentos.

Do 24 de setembro, sobre ordenanza de circulación.

Do 24 de setembro, sobre obras e asuntos da súa competencia.

Do 24 de setembro, sobre inclusión no Padrón Municipal de Habitantes.

Do 24 de setembro, sobre obras e asuntos da súa competencia.

Do 25 de setembro, sobre aboamentos.

Do 26 de setembro, dúas sobre aboamentos.

Do 27 de setembro, dúas sobre aboamentos.

Do 28 de setembro, sobre cuestións fiscais.

Do 30 de setembro, sobre horario de apertura ó público das instalacións deportivas municipais.

Do 30 de setembro, sobre aboamentos.

Do 1 de outubro, sobre aboamentos.

Do 2 de outubro, sobre aboamentos.

Do 3 de outubro, sobre aboamentos.

Do 4 de outubro, sobre aboamentos.

Do 7 de outubro, sobre contratación de persoal para a realización de servizos municipais.

Do 7 de outubro, sobre aprobación de bases para contratación de persoal laboral temporal, Peón Especialista (Electricista).

Do 7 de outubro, sobre aboamentos.

Do 8 de outubro, sobre aboamentos.

Do 9 de outubro, sobre aboamentos.

Do 10 de outubro, sobre aboamentos.

Do 10 de outubro, sobre inclusión no Padrón Municipal de Habitantes.

Do 11 de outubro, sobre precintado de inmovible.

Do 11 de outubro, sobre aboamentos.

Do 15 de outubro, sobre obras e asuntos da súa competencia.

Do 15 de outubro, sobre aboamentos.

Do 16 de outubro, sobre aboamentos.

Do 17 de outubro, tres sobre aboamentos.

Do 21 de outubro, sobre aboamentos.

Do 21 de outubro, sobre lista provisional de admitidos e excluídos para selección de persoal laboral temporal, Peón Especialista (Electricista).

Do 21 de outubro sobre precintado.

Do 22 de outubro, sobre aboamentos.

Do 24 de outubro, sobre execución de setencia.

Do 24 de outubro, sobre cuestións fiscais.

Do 25 de outubro, sobre lista definitiva de admitidos e excluídos para selección de persoal laboral temporal, Peón Especialista (Electricista).

3.- APROBACION, SE PROCEDE, DO PREGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERAN O CONCURSO PARA A CONTRATACION DA ASISTENCIA TECNICA PARA A REALIZACION DOS TRABALLOS DE REDACCION DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL E CARTOGRAFIA DIXITAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA.-

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ó dictame da Comisión Informativa de Obras e Urbanismo celebrada o pasado día 24 de outubro que di:"Intervén Don Antonio Domínguez Lorenzo, Presidente efectivo da Comisión, para dar conta do Prego de cláusulas administrativas e técnicas que rexerán a contratación dos traballos de realización do Plano Xeral e da cartografía dixital; di que o mesmo remitiuse a Urbanismo para o seu visto bo, o cal tamén é coñecido polo Sr. Aparellador.

De seguido procédese ó estudio do prego por parte dos presentes, modificándose cuestións puntuais do mesmo coma a valoración dos criterios para seleccionar ó adxudicatario.

De seguido o Sr. Presidente efectivo da Comisión, somete a consideración dos señores membros da Comisión a aprobación ou non do devandito Prego, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, tres (P.P. a excepción de Dona María José Escudero Estévez e Grupo Mixto); reservanse para o Pleno os membros do P.S.O.E., B.N.G. e Dona María José Escudero Estévez, condicionando o seu voto o informe de Urbanismo.- Por conseguinte, por maioría, fica dictaminado favorablemente".

Intervén Don Antonio Domínguez Lorenzo, concelleiro integrante do grupo mixto, para sinalar que consta no expediente informe favorable de Urbanismo; manifesta o seu agradecemento ó Sr.Secretario e, ó Aparellador municipal así coma tamén ós grupos municipais pola súa participación na elaboración do devandito prego, esperando que este proceso se leve a bo término. Finaliza a súa intervención indicando que debería crearse unha comisión de seguimento do Plano Xeral, na que estean presentes tódolos grupos municipais e tamén os técnicos municipais.

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, voceiro do grupo municipal do B.N.G., para manifesta-la súa conformidade co prego, sinalando que lle parece unha boa

idea a creación dunha comisión de seguimento na que estean presentes tódolos grupos municipais.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para indicar que se recolleron diversas suxerencias, en concreto, ás referentes ós criterios de valoración das ofertas presentadas. Finaliza a súa intervención manifestando conformidade coa proposta do Sr. Domínguez Lorenzo, relativa á creación dunha comisión de seguimento así coma tamén espera que neste proceso prevalezan os intereses xerais da colectividade.

Intervén Don Celso Sotelo Barroso, voceiro do grupo municipal do P.P., para manifesta-la súa satisfacción polo resultado do proceso, indicando que nestas cuestións debe prevalecer sempre o interese xeral sobre o particular.

Intervén o Sr. Domínguez Lorenzo, para sinalar que a súa proposta de comisión de seguimento presentaraa no apartado correspondente ás moción de urxencia.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non do Prego que se acha no expediente, obténdose o seguinte resultado: fica aprobado por unanimidade.

4.- APROBACION DEFINITIVA, SE PROCEDE, DA MODIFICACION PUNTUAL DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE RIBADAVIA NA PARCELA DOS HERMANOS DE SAN XOAN DE DEUS SITA NA TRAVESIA CARA SAN PAIO.-

De seguido faise constar ó dictame da Comisión Informativa de Obras e Urbanismo celebrada o pasado día 19 de setembro que di:"Intervén Don Antonio Domínguez Lorenzo, Presidente efectivo da Comisión, para dar conta da moción que se acha no expediente e que de seguido transcríbese: **"DON JOSE PEREZ IGLESIAS, ALCALDE-PRESIDENTE DO ILTMO. CONCELLO DE RIBADAVIA** , ten a ben presenta-la seguinte

M O C I O N

En relación coa tramitación do expediente relativo á Modificación Puntual das Normas Subsidiarias de Ribadavia na parcela dos Irmáns de San Xoan de Deus sita na Travesía cara San Paio, e unha vez informado favorablemente pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda con data 12 de setembro de 2002, cumprimentando todas as súas observacións e polo Servicio de Estradas da Consellería con data 14 de agosto de 2002, esta Alcaldía propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar con carácter definitivo a Modificación Púntual das Normas Subsidiarias de Ribadavia na Parcela dos Irmáns de San Xoan de Deus sita na Travesía cara San Paio.

SEGUNDO.- Proceder á publicación da aprobación definitiva no DOGA e o texto íntegro da normativa no BOP, en cumprimento do disposto no artigo 48/2ª da Lei 1/1997 de 24 de marzo, do Solo de Galicia. Ribadavia, 16 de Setembro de 2002".-

De seguido o Sr. Presidente efectivo da Comisión, somete a consideración dos señores membros da Comisión a aprobación ou non da devandita moción, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, catro (P.P. e Grupo Mixto); votos en contra, tres (P.S.O.E. e B.N.G.).- Por conseguinte, por maioría absoluta, fica dictaminada favorablemente".

Intervén Don Xosé Pérez Iglesias, Alcalde-Presidente do Concello, para sinalar que dito asunto xa se debatiu nun Pleno pasado se ben non se someteu a votación; di que, con isto trátase de legalizar unha obra rematada e que debe estar ó servizo dos cidadáns. Finaliza a súa intervención manifestando a súa intención de que se vote, co obxecto de darlle traslado do acordo á Consellería e dito organismo tome as decisións oportunas.

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, voceiro do grupo municipal do B.N.G., para sinalar que por razóns obvias o asunto debe quedar sobre a Mesa, dicindo que lle parece absurdo e "kafkiano", someter a votación un asunto cando é consciente da posición dos grupos de oposición e non se fai nada para tratar de cambiala.

O Sr. Domínguez Lorenzo, sinala que o conveniente é deixalo asunto sobre a Mesa.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para reitera-lo seu posicionamento e sinalar que lle parecen impresentables as declaracións realizadas días pasados polo Delegado da Cotop, cando o que debería facer é pedir perdón e solicitar unha saída ó tema, xa que é o máximo responsable de facer unha obra sen licencia e infrinxindo tódala normativa urbanística. Finaliza a súa intervención volvendo a solicita-la apertura de expediente sancionador, de xeito que se trate a Consellería igual cós veciños, así coma tamén solicita que se fagan os informes acadados polo Pleno sobre este expediente.

Intervén o Sr. Secretario do Concello para sinalar que de acordo co artigo 47.3 i) da LRBRL requírese para a súa

aprobación, maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita moción, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, seis (P.P. e Grupo Mixto); votos en contra, seis (P.S.O.E. e B.N.G.).- De seguido sométese de novo a votación obténdose o mesmo resultado, polo que o non obterse maioría absoluta non fica aprobada a devandita moción.

5.- MOCIONS, ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Don Antonio Domínguez Lorenzo, concelleiro integrante do grupo mixto, fai presentación da seguinte moción de urxencia:

" Unha vez aprobado pola Corporación o Prego de Claúsulas Administrativas particulares que rexeran o concurso para a contratación de asistencia técnica para a realización de traballos de redacción do Plano Xeral de Ordenación Municipal, propón a Corporación a adopción do seguinte acordo:

Crear unha comisión de seguimento dos traballos de elaboración do Plano Xeral de Ordenación Municipal na que esten presentes os voceiros de todos os grupos municipais existentes en cada momento na Corporación Municipal, coa asistencia do Sr. Aparellador Municipal e do Secretario do Concello, a cal reunirase cunha periodicidade mínima mensual".

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria á aprobación ou non da urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., fai a presentación das seguintes mocions de urxencias:

PRIMEIRA.- "Tendo en conta que o posta en marcha do Parque Empresarial é unha prioridade para o municipio, propón o Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Que se constituía no Concello unha Comisión de Promoción Industrial co obxecto de promover o Parque Empresarial así como a creación de industrias, na que este presente todos os grupos municipais, a asociación de empresarios de Ribadavia e as organizacións sindicais existentes no municipio".

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria á aprobación ou non da urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria á aprobación ou non da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

SEGUNDA.- Tendo en conta o establecido na Ordenanza de Circulación sobre as zonas de carga e descarga no relativo o que será o Sr. Alcalde as que as estableza por medio de Resolución e co obxecto de evitar abusos manifesta a necesidade de modificar dita Ordenanza, propoñendo o Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

O Pleno da Corporación acorda modificar a Ordenanza de Circulación no sentido que as Resolucións do Alcalde para establecer as zonas de Carga e Descarga deberán ser previamente informadas favorablemente e con carácter vinculante pola Comisión Informativa correspondente".

Intervén o Sr. Secretario do Concello para sinalar que o que se está a propoñer é unha modificación da Ordenanza polo que deben seguirse os trámites oportunos establecidos na lei (aprobación inicial, exposición pública e aprobación definitiva, todo elo coas correspondentes publicacións).

Intervén o Sr. Fidalgo Areda, para manifesta-la súa conformidade, indicando que lóxicamente trátase dunha aprobación inicial.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria á aprobación ou non da urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.S.O.E., B.N.G. e Grupo Mixto); votos en contra, cinco (P.P.).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a urxencia da moción.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita moción, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.S.O.E., B.N.G. e Grupo Mixto); votos en contra, cinco (P.P.).- Por conseguinte, e por maioría absoluta, fica aprobada a devandita moción,

quedando aprobada inicialmente a modificación da Ordenanza de Circulación da Vila de Ribadavia.

Don Francisco Alonso Fernández, Concelleiro do grupo municipal do B.N.G., manifesta o agradecemento ó Sr. Alcalde polo feito de que se apagaran o semáforos existentes nas inmediacións da estación de autobuses.

Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Voceiro do grupo municipal do B.N.G., formula os seguintes rogos:

1º ROGO.- Rogaríalle de novo ó Sr. Alcalde que fixera as xestións oportunas para que no Concello estea á disposición dos Concelleiros unha copia do proxecto do Leader Plus, xa que é impresentable que a teñan outros colectivos da Vila e que non exista no Concello. Finaliza a súa intervención solicitándolle ó Sr. Alcalde que pida a substitución da persoa que preside dito proxecto, pola súa animadversión cara este pleno e o propio Concello de Ribadavia.

2º ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde que fixera as xestións oportunas para que o delegado da Cotop ou o Xerente de Xestur viñeran a este Concello a explica-las cuestións relativas ó Parque Empresarial (prazos, prezos dos terreos, xestións para a ubicación de empresas...).

Don José Prieto Pérez, Concelleiro do grupo municipal do P.S.O.E., fai presentación dos seguintes rogos e preguntas:

ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde a convocatoria dunha Comisión de Cultura para dar conta do resultado balance das pasadas festas do Portal e para que se lle informe das negociacións que se están a levar para tratar de sufragalo déficit existente.

Resposta o Sr. Alcalde para dicir que aínda non lle facilitaron as contas.

PREGUNTA.- Interesalle saber porque non se convocou a sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cultura cando o seu criterio existen asuntos suficientes para convocala.

Resposta o Sr. Alcalde: Estaba pendente de determinadas cuestións, se ben en vindeiras datas convocará unha comisión extraordinaria.

Intervén o Sr. Prieto Pérez, para dicir que o Sr. Alcalde debe ser coñecedor da existencia da periodicidade das sesións dos órganos colexiados, indicando que ó mellor cando convoque unha sesión extraordinaria, os membros do seu grupo non van a asistir. Finaliza a súa intervención

solicitando que se convoque unha comisión de cultura para incoar expediente e darlle o recoñecemento que se merece á filla predilecta do Concello que faleceu días pasados.

Don Miguel Fidalgo Areda, Voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., formula os seguintes rogos:

1º ROGO.- Rogaríalle de novo ó Sr. Alcalde que se lea o apartado rogos e preguntas das Actas dos Plenos e así axilize os acordos adoptados que de seguido relaciona: cesión de terreos para o ambulatorio, terreos para o novo Cemiterio, residencia da terceira idade e comisión para modifica-los estatutos da Fundación Nosa Señora dos Anxos, comisión veciñal para a defensa do río Brull, estudos das licencias concedidas a Dona Maria Antonia Ruiz, Parque Empresarial, informes sobre obras públicas, Estrada de Santo André, Entorno de Santo Domingo, Mesa de contratación e pregos de contratación e área comercial aberta. Finaliza a súa intervención dicindo que lle parece grave que o Concello non dispoña dunha copia do proxecto Leader Plus, cuestión que levamos solicitando dende fai un ano e o Alcalde debese facer respetar.

2º ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde que faga cumprilo que establece a Ordenanza de Circulación da Vila, no relativo á peatonalización do Casco Histórico, cuestión que xa se contemplaba na anterior ordenanza.

3º ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde que inicie os trámites para a cobertura das prazas vacantes no cadro de persoal deste Concello, en concreto a praza de auxiliar-delinante.

4º ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde a convocatoria dunha reunión co avogado do Concello no asunto do Matadoiro comarcal, co obxecto de coñece-los trámites levados a cabo, así coma recordalle-la existencia dun acordo plenario de solicita-lo avogado do Concello informe sobre as contas do matadoiro co obxecto de estudar posibles accións legais.

5º ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde que os proxectos das obras de Agricultura aprobados polo Concello sexan levados á Comisión informativa para o seu coñecemento.

6º ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde que convoque ós responsables de Xestur ó obxecto de que expliquen o grao de cumprimento e execución do Convenio para a creación do Parque Empresarial.

7º ROGO.- En relación co Museo do Viño, rogaríalle ó Sr. Alcalde a tramitación da moción que quedara sobre a Mesa

dado que dito proxecto non se incluiu no programa europeo Interreg III.

Intervén o Sr. Alcalde para sinalar que é certo que no se incluiu no Interreg III dado que non había socio portugués, se ben ten o compromiso da Consellería de facelo con fondos propios, estando neste intre elaborando o proxecto.

8º ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde que fixera as xestións oportunas para que se abriera o Museo Etnolóxico.

Intervén o Sr .Alcalde para dicir que está aberta unha sala estando prevista a apertura das restantes en vindeiras datas.

E sendo as oito e cinco da noite, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.